



"E, durma ou acorde,  
a semente xermola e medra"

# IRIMIA

REVISTA QUINCENAL DE CRENTE GALEGOS



## LINGUA DE TROBADORES

e de xogares e reis poetas  
e de ferreiros e picheiros e de feirantes  
de lavadeiras e costureiras e salgadoras e mariñeiros  
e de labregos e menciñeiros e das meiguiñas e dos abades  
e dos zoqueiros, das estudantes, dos mareantes e dos canteiros  
e das peixeiras e os ofrecidos e os escritores e xornalistas  
e dos meniños e das rapazas e dos cegos e os escolantes  
e dos torneiros e fresadores das palilleiras e capitáns  
de augardenteiros dos viñateiros e os enxeñeiros  
de conserveiros e graniteiros e constructores  
e dos naseiros, deseñadores e das doutoras  
e de coengos, sindicalistas e conselleiros  
e das mulleres mariscadoras  
e túa, e miña, e nosa  
universal.

ANO XVIII • N° 531  
Do 18 ó 31 de maio de 1998  
Vintecinco pesos

**EDITORIAL Os nosos motivos** En feliz coincidencia coas datas nas que celebramo-la teimuda resistencia do galego como lingua viva, IRIMIA comeza unha nova etapa. A aposta é arriscada e o cambio importante. Que o lector e a lectora -críticos coma poucos- xulguen e falen.

O que si queremos é dici-los nosos motivos, volver a explicar decontado por qué seguimos, tamén teimudamente, como a lingua. E esa lingua, e o que significa, é un deles.

Hai unha recente anécdota ben ilustrativa. Santiago, 30 de abril. Inauguración do gaseoducto. No Palacio de Congresos, un auditorio de "xente de empresa", cargos políticos, financeiros. Na mesa o presidente de Galicia, o ministro de industria, o presidente do Grupo Gas Natural. Este último, catalán, pronuncia o seu discurso en galego. Tras del, o presidente de Galicia, exprésase en castelán. A cuestión é: se o auditorio fose de traballadores manuais e veciños dunha parroquia rural celebrando a festa do Chourizo ¿en que falaría o presidente? En Galicia segue a haber clases de linguas e linguas de clase. E iso non é equilibrio nin harmonía.

E hai máis motivos. O asasinato do bispo Gerardi en Guatemala polos Escuadróns da Morte, tráenos á memoria a reacción da gran prensa española cando a Igrexa Guatemalteca se negou a convalidar unha iniciativa de pacificación, impulsada polo goberno Arzú, que seguía o modelo arxentino de "pasar páxina" e esquece-los 150.000 indíxenas mortos polo exército e os 50.000 desaparecidos. Daquela a prensa deste lado consideraba, prexuzosa e prexuzosamente, que a Igrexa estaba en contra da paz e a reconciliación. Son tan poucas as actuacións das Igrexas locais decididamente favorables ós dereitos dos pobres, das minorías, da democracia e a dignidade para todos, que cando as hai, como neste caso, a imaxe das xerarquías bendicindo ós dictadores ou defendendo situacións de privilexio son as que serven de referencia. Ser outra voz. Construír alternativas para estar no mundo -e na Igrexa- sen ser do sistema. Velaí outro motivo.

E en xeral, como dicía recentemente Tabucchi, unírnos a todos aqueles que senten repugnancia pola *Información Indiferenciada*, ese fenómeno que pon ó mesmo nivel a tortura de inocentes ca un partido de fútbol, ou que considera que ten máis mérito o Xacobeo Oficial ca unha festa tecida polo esforzo voluntario e solidario dunha comunidade veciñal deste país, o mesmo que cada primavera se renova en amarelo flor de toxo.



¡Que mellor cousa ca un baño para combate-lo alarmismo!

Daniel López Muñoz

**O TRASNO A velocidade e a Tocino** Outra volta falemos de cultura política. Ese coñecido pensamento de que entrar na administración é un choio de gañar sen rañala que se consegue por parentela, ora vía cosanguínea ata o terceiro grao, ora vía política ata o grao de declarado simpatizante local, ten un reverso. Ese reverso é o pensamento do carguiño, ou mesmo carguete, de que un está alí pero sen estar; en nómina, pero ausente; ó cargo de algo, pero sen cargar con nada. Pero, a ver, home, ¿quen me falou a min de responder de cousas que pasan ou deixan de pasar? ¿Non quedamos en que este premio era causa de figurar, de gabinete de prensa, de fai que fas, e mesmo de resistir heroicamente as tentacións servidas polos contratistas?

Por iso claro, cousas como a de Doñana, non son responsabilidade de ninguén. Porque a competencia ten unha curiosa propiedade: é unha substancia moi soluble no mar da incompetencia. Isto é: botas unha competencia entre cargos incompetentes e disólvese como azucre na auga. E milagreiramente, mides o nivel de responsabilidade da solución e resulta ser cero. Cousas da química.

Dimitir..... Ha,ha,ha,ha, (en castelán Ja,ja,ja,ja).

Tocino di que hai moito alarmismo. Que a cousa se amaña a toda velocidade. Pero non fai como Fraga en Palomares: non se dá un tonificante baño de lodos. Correríaselle o rímmel e perdería ese estupendo tinguido natural, digo nacional, que non é o mesmo, como ela sabe.

En Galicia pode haber varios Doñaniñas. Enriba das Fragas do Eume hai un encoro de Endesa cuns lodos moi substanciosos sobre os que nada se informa á poboación. Sobre o estado dos fondos das rías ....discreción. Celusosas, qué queres que che diga. E no Lagares xa o dixeron todo os famosos parrulos de Cuiña. Chissss....! Prohibido alarmar.

Adrián Cambreiro



Pepe Chao

**A CLAVE** *Incircuncisas* - (Feitos 15). Falar de lei de Deus é moi problemático. Deus non fai leis, é un labor que deixa ás criaturas, que han ordena-la súa convivencia de acordo co ben común. Toda lei necesita ser interpretada para casos excepcionais, polo que se adoita falar do texto da lei e do seu espírito.

A cousa complicase cando o espírito se escribe con maiúscula. Se Deus non fai leis, o Espírito parece encaprichado en desfacelas. É coma un aire rebuldeiro. Perigoso, porque tanto os que teñen poder coma os que contra el se reviran, remítense ó Espírito Santo.

Algúns cristiáns -os xudaizantes-, porfiaban en que só se podían salva-los circuncidados. Como as mulleres son "de natura" incircuncisas, a xerarquía actual non a condena máis que a vivir arredada da parte máis nobre: do altar. Roma volveu de novo coa lei prohibitiva. Supoñemos que o Espírito -a Ruah hebrea, que é feminina-, se sentirá molesto -molesta-, e solicitará que se faga un Concilio, coma aquela asemblea de Xerusalén que deu remate a discusión tan noxenta.

**O ECO** *Códigos, decálogos, anatemas* - A vida ben vivida ten cargas abondo.

Sobrevivir creando vida non se fai sen agobios.

Nin mellorar en humanidade, que é tanto como namorarse da verdade, da xustiza, da liberdade e da dignidade para ti, para o teu ppbo, para tódolos pobos.

E, sen embargo, pofiamos en enche-lo fardel de códigos, decálogos, anatemas. De kilos e kilos de lei.

Desde o principio: un dogmatismo moralizador empeñado en debuxar a liña exacta que divide os incluídos dos excluídos, os salvos dos perdidos, os afortunados, do pobres. Primeiro converteuse unha alianza en lei condenatoria; máis adiante o impulso moral tomou unha penosa color de sexo obsesivo, encubridor de patriarcados e expliacións...; e cando nos pensabamos emancipados da lei vella, descubrímonos creando novos códigos puritanos, trazando novas liñas sectarias que dividen a luz da sombra: o código ecoloxista, o nacionalista, o solidario,...convertendo os mellores impulsos do espírito, da utopía, en miserables preceptos.

Non impoñer máis cargar das precisas. Dar paz. Escorrentar-lo medo. Non hai máis camiño que sabermonos de antemán perdoados, acollidas, sen medo a que ninguén nos revise o libro de contabilidade, o caderno de faltas, o diario de navegación.

Porque a lei ten moi pouca gracia.



Patrick Durand

**A PALABRA** *Algúns, que baixaran de Xudea (a Antioquía) ensinaban dicindo:*

*"se non vos circuncidades conforme á tradición de Moises, non vos podeades salvar"...*

*Entón os apóstolos e os responsables, de acordo con toda a igrexa, decidiron elixir a algúns de entre eles e mandalos a Antioquía...E por medio deles mandaron unha carta:*

*"Somos sabedores de que algúns ....andan desacougándovos coas súa palabras...decidimos, o Espírito Santo e mais nós, non impoñervos máis cás precisas"*

(Feitos 15)

*Déixovo-la paz, dóuvo-la paz. E non vola dou como a dá este sistema. Non vos agoniedes, nin teñades medo. (Xoán 14)*

# A PENEIRA

**LISBOA** convértese desde o día 22, na meta de moitos galegos que queren visita-la Expo Universal, o que é un acontecemento que paga a pena, pero non queremos esquece-la situación de risco e abandono no que están sumidos moitos dos edificios do caso vello da cidade, segundo algúns estudos, 124 en estado de ruína e 179 case irrecuperables e ata 1.200 que están afectados, sen que as administracións fagan algo para amañalos; case todos privados, os donos prefiren que caian para despois especular cos terreos, co risco que están a sufrir-los cidadáns. Esta fermosa cidade ben merece máis pulo rehabilitador, como está a facer no Chiado, presa do lume en 1985.



## A ASOCIACIÓN DE DIMINUÍDOS FÍSICOS E PSÍQUICOS

de Mos é un exemplo de cómo se organiza un colectivo e os seus máis próximos para buscar solucións ós minusválidos, sobre todo o dereito ó traballo. Con máis de 600 socios, xa conseguiron a instalación dalgunha fábrica que está a dar emprego a varios deles, e coa axuda de obxectores están a dar cursos para a integración deste colectivo aínda moi marxinado.



## “VIVINDO CO INIMIGO”

é unha exposición de fotografía de Dorina Ferrato que podemos ver dende o 26 de maio no Kiosko Alfonso da Coruña, que estará presente o 10 de xuño nunha proxección de diapositivas. Esta exposición entra dentro do ciclo de conferencias sobre a muller que co título “A revolución silenciosa” teñen lugar na Fundación Caixa Galicia. Por outra banda, a Consellería de Familia está a difundir-los dereitos das mulleres, moitas veces descoñecidos por elas mesmas, na campaña: “Son unha Muller, Teño os Meus Dereitos”.



## A MESA POLA NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

é agasallada neste Pedrón de Ouro que vai recibir, o día 24, a carón da Estela de Rosalía da Horta da Paz na súa Casa Museo de Padrón. Vén de cumprir doce anos, pero a loita segue, porque o uso do noso idioma está a retroceder nas distintas administracións, e despois de anos da lei da normalización lingüística, non hai vontade desde aquelas de servir á sociedade nesta reivindicación, por iso vai ter lugar o sábado, día 16 de maio, unha manifestación en Compostela convocada pola Mesa e outros 16 colectivos.

**SUDÁN** segue xerando morte debido á miseria, guerra e anulación dos dereitos humanos. Son miles de persoas que non teñen nada para levar á boca e que están a morrer de fame e sede a cada minuto, mentres o mundo lle dá as costas, polo menos ata que volvan a estoupar novos conflitos das etnias con máis forza. Sudán, cinco veces máis grande ca España, está sendo devorado por un deserto que só trae pobreza ás case seiscentas etnias que compoñen o país.

## RAIMUNDO GARCÍA SANTOS,

misionero ourensán, leva case 50 anos traballando en Thailandia, ata a súa morte hai uns poucos días, vítima dun cancro, xa que foi para aquel país cando tiña 17 anos da man dos Salesianos. Alí fundou varias escolas gratuítas para os máis pobres, entregándose xenerosamente a todos nun territorio con moi poucos católicos, un 0,45% da poboación.



## A ILLA DE SAN SIMÓN

é un dos escenarios da Festa das Nosas Letras deste ano, gracias á namorada do Cancioneiro de Mendinho. Non se sabe ben se aquela paisaxe medieval é a desta illa, o que se coñece mellor é a súa relación coa morte, desde que no Século XVII o Conde de Gondomar trouxo os restos mortais das vítimas das persecucións relixiosas en Inglaterra e converteu a illa nun gran camposanto, ata que no XIX recolleu ata a fin dos seus días os afectados polos andazos máis contaxiosos, e xa no 36 foi transformada en cadea e tortura de moitos republicanos, por iso aínda hoxe se poden escoitar na liña os saloucos e os xemidos de tanta intolerancia e morte.

## OUTRO XEITO DE DEFORESTA-LOS NOSOS MONTES

é o consumo excesivo de publicidade que supón en papel engulido por cada caixa de correos das nosas ó ano. Nalgunha das nosas cidades pérdense en publicidade 55 toneladas de papel ó mes, por certo, sen reciclar, o que supón a corta de case 27.000 árbores.



# CONTOS, PARÁBOLAS E HISTORIAS

## O MATERIALISMO DA CLAUDINA

Imaxinade comigo un vulto humano escuro e algo eslombado que arrimado a un caxato anuncia de lonxe no medio da Coruña que é da aldea con aquel seu vestir recatado, co seu mandil gris, e o seu pano escuro á cabeza atado arriba. Pensade nunha vella de rostro ousado e pacífico, sucado por xeadas e soles, risas e disgustos pero curado dos medos ó fume de moitos traballos levados coa paciencia infinita que transmite a cultura campesiña. Esta muller da que vos falo comía zopaz de cabalo canzado (con máis azucre que pan no viño) sen importarlle a tensión e zofría cando non a deixaban oz da caza comer porco polo lardo e andar ó seu aire polas rúas cheas de xente e de tráfico denso que tanto lle encantaban (se cadra porque en algo lle lembraban o rebumbio vidego das feiras da súa mocidade). Esta señora tan fráxil e tan resolta, tan dona das súas paixóns que vivía esquecida de si e totalmente aberta ó seu redor era moi popular no barrio coruñés dos Castros. Claudina, que así se chamaba, é unha santa moito da miña

devoción, unha luz que me alenta só con pensar nela".

Era recatada para tapar as carnes pero adiviñábase sensibilidade erótica no seu gustarlle que por baixo das longas saias aparecese a puntilla das enaguas, e facía de maneira que o pano de seda deixase á

**Esta señora  
tan fráxil e  
tan resolta,  
tan dona das  
súas paixóns**

vista as orellas cos seus aros de ouro. Vestía mandil para resgardar a roupa de saír pero sempre o levaba planchadiño e limpo. Era zarapeta e por riba falaba apurado e fosco, pero conversaba con

calquera sen coutarse: metérase no medio da prédica do arcebispo cando, de visita pastoral na súa parroquia pedía oracións polas vocacións para dicirle que tiñan que deixar casar ós curas que eran homes coma os outros. Na súa ancianidade andaba con tento mirando ben onde pisaba pero non tiña recato en sentar cos drogadicotos no parque e sermonealos: eles entendían que detrás das súas broncas case inintelixibles, e sobre todo, da súa cercanía tan humana había respecto e un cariño nada empalagoso. Era un fio que os ataba á vida sen colocarse.

Todo nesta santa que nunca subirá ós altares era verdadeiro e zen mázcara. E, claro, tamén o era a súa relixión tan devota e materialista.

Lembro unha vez que non paraba de bisbisear e suspirar dando gracias a Deus.

—¿E logo Claudina? Pregunteille.

—Veunos Deus vaer filliño, contestoume. El Señor é bõ, moito lle levo pedido pola filla e o xenro, botaron moito tempo sen tocarse, pero agora gracias a Deus volvo sentilos falar e brincar na cama, hai unha





tempada que volve renxer o metálico ás noites. ¡É o meu xenro xa non peida coma antes, como cando estaba no paro, o

## El Señor é bo, moito lle levo pedido pola filla e o xenro

pobriño sen facer nada todo o día no sofá ou no bar aburrido e con tanto pesar!  
Cadróu que puiden acompañala nos seus últimos días no hospital. Sen dramatismo

ningún agardaba a morte coma un reencontro coa Virxe e cos seres queridos, coma un descanso ben gañado.

Non rece para que viva que xa me chegou a hora e teño ganas de deixar este mundo, sonlle moitos os anos e quérome ir. Encargoume.

-Irémonos cando Deus nos recolla, señora Claudina

-Eu só quero chegar ata o luns, e Deus hame escoitar, que sempre o fixo

-¿É por que ata o luns?

-Porque é o primeiro do mes e hai paga dobre, halles vir moi ben na casa!

Morreu dúas horas antes do primeiro de decembro. Comenteille ó médico de garda a oración de Claudina e no certificado médico atrasouse a hora de defunción para que segundo a lexislación vixente, a filla, viúva e con fillos puidera cobrar por ela a pensión dese mes, "o da paga dobre".

## O CARRABOXO por XOBÉ LOIS



## OS CANTORES DO MAR E DO AMOR

Os finados amigos e mestres Xosé María Álvarez Blázquez e Xosé Fernando Filgueira Valverde, de seguro que no máis Alá andarán afanosos estes días traballando arreo sobre a nosa lírica medieval. Agora xa coñecen a verdade: saben onde naceron tódolos trobadores, xograres e segreis; leron as súas obras completas e, en particular, as cantigas que máis éxito tiveron e que os espectadores (reis, fidalgos, cregos,...) mandaban repetir unha e outra vez,... Co pensamento posto neles os dous escribo estas liñas, pois gracias as súas publicacións fomos moitos os que descubrimos que existiran Meendiño, Martín ou Martiño Codax e Xoán de Cangas.

### A LÍRICA GALEGO-PORTUGUESA

Florece vizosa coma unha árbore cando medra en boa terra, entre o último cuarto do século XII e mediados do XIV. Malia ó moito que se foi perdendo co percorrer dos anos, as coleccións que chegaron ata os nosos días amosan a súa importancia: os cancioneiros da Ajuda, da Biblioteca do Vaticano, e da Biblioteca Nacional de Lisboa, os diferentes códices das cantigas de Santa María e no pergameo Vindel. Pasan de dous mil poemas, debidos a reis, cregos, nobres, burgueses e pobres xograres: Bernal de Bonaval, Airas Nunes, Xoán Airas, Afonso Eanes do Cotón, Pero de Veer, Pero De Ardia, Xoán Baveca, Airas Carpancho, Xoán García de Guillade, Xoán de Requeixo, Lourenzo, Xoán de Cangas, Martín Codax, Fernando Esquío, Pero de Ambroa, Pai Gomes Chariño, Afonso X o Sabio, Pero Meogo, Men Rodrigues de Tenorio, Xoán Soares Coello, Roi Paes de Ribela, Don Denis de Portugal, Lopo, Meendiño, Martín Moxa, Don Pero Afonso, Pero Amigo de Sevilla, Pero Anes Solaz, Pai Soares de Taveirós,... e así case ata cento e medio.

Segundo o tema, as cantigas clasifícanse en profanas e relixiosas. A súa vez, as primeiras poden ser de tres xéneros fundamentais: a) "de amor": o namorado canta as belezas da dama (a súa sennor):

Vedes, amigos, que de perdas ey,  
des que perdi por meu mal mha senhor:  
perdi ela, que ffoy a rren milhor  
das que Deus fez, e quanto servid'ey  
perdi por em e perdi o rirr,  
perdi o ssem e perdi o dormir,  
perdi sseu bem, que non atenderey.


Don Afonso Sánchez.

b) "de amigo": a protagonista sempre é unha moza namorada. Tódalas cantigas dos tres xograres homenaxeados pertencen a este xénero.

c) "de escarnio e maldicer": o seu é a sátira, á parodia, a mofa agre,..., non se librando eljclesiásticos, fidalgos, nin tampouco os propios poetas:

Foi un día Lopo jogar  
A cas dun infançon cantar;  
E mandou-lh' ele por don dar  
tres couces na garganta;  
e fui-lh' 'escass', a meu cuidar,  
segundo com'el canta.  
Martín Soárez.

O monumento lírico das relixiosas ou mariais son as Cantigas de Santa María do Rei Sabio, aquel que devecia ter á Virxe por súa Sennor, e da que quería ser trobador, dando ao demo os outros amores.



Cancioneiro do Vaticano: cantiga de Meendiño





Miniatura do século XIII con homes escribindo

### O MAR, O AMOR E A ROMAXE

Tres vínculos unen ós tres poetas que honramos este ano:

a) o mar de Vigo: Meendiño situou o drama da súa namorada na illiña de San Simón; o escenario das cantigas de Martín Codax é Vigo, e Xoán de Cangas poido nacer nesta vila maroñeira situada na outra banda da ría. En todos eles o mar sempre está ó fondo, é a paisaxe que hai por detrás dos personaxes, escoitándose como a auga peta nos rochedos da illa de san Simón e nos cantís da Laxe e da Pedra; o murmurio das ondas cando se baña a namorada na praia de Vigo, e adiviñanse os fermosos solpores máis alá da abra da Aldán e as illas Ons no mar océano.

b) O amor: a moza namorada é a protagonista dos once poemas, unha veces agarda polo amigo aínda perigando a súa vida, porque acercan as ondas do alto mar e non hai barqueiro nin remador que a pase a terra firme; outras enganada polo xuramento non cumprido; leda cando ten un amigo; triste cando a súa nai non lle permite acudir a cita; totalmente namorada cando lle pide ás amigas que a acompañen a bañarse para na praia ve-lo amado,...

e c) Os santuarios: as ermidas de San Simón e de san Mamede, e a Igrexa de Vigo. Ás Romaxes acudían mozas e mozos pero tampouco faltaban os xograis que as percorrían todas coa viola ou zanfona ó lombo, cantando e tocando aquí e acolá, non máis que por unha cunca de viño, un anaco de pan ou, no mellor dos casos, unhas moedas. O instrumento foi o mellor compañeiro de moitos deles, co que pasaron os días máis felices da vida, por iso non é de estrañar que Pero Amigo de Sevilla (crego natural das terras de Betanzos), ó testar en Salamanca o ano 1302 legase a súa viola ó xograr Pedro Loçano, coa condición de que diga un pater noster por mi alma cada día que con ella violar.

### Meendiño

Da súa vida nada se sabe, certamente nin sequera o nome, que poido ser Men, Meen ou Mendo, antroponímico masculino

corrente naquela época. Suponse que viviu no século XIII, ou comezos do século XIV, e que foi xograr por figura-lo nome en diminutivo e desprovisto de apelidos. Tal vez naceu no lugariño de Mendo (Teis, Vigo), como defendeu Álvarez Blázquez dende onde se devisa ó lonxe a illa de San Simón, ou en Cesantes, que é a parroquia á que pertence, ou en outro calquera lugar da redonda: Arcade, Vigo, Redondela, Cedeira, Os Cobres, Vilaboa, Moaña, Cangas,...O único dato certo é esta fermosísima cantiga "de amigo" que a el atribúen os cancioneiros:

*Sedia-m'eu na ermida de San Simón  
e cercaron-mi as ondas, que grandes son:  
eu atendend'o meu amigo,  
eu atendend'o meu amigo!*

*Estando na ermida ant'o altar,  
[e] cercaron-mi as ondas grandes do mar:  
eu atendend'o meu amigo!  
eu atendend'o meu amigo!*

*E cercaron-mi as ondas, que grandes son,  
non ei [i] barqueiro, nen remador:  
eu atendend'o meu amigo!  
eu atendend'o meu amigo!*

*E cercaron-mi as ondas do alto mar,  
non ei [i] barqueiro, nen remador:  
eu atendend'o meu amigo!  
eu atendend'o meu amigo!*

*Non ei [i] barqueiro, nen remador,  
morrerei fremosa no alto mar:  
eu atendend'o meu amigo!  
Eu atendend'o meu amigo!.*



Naves medievais. Cantigas de Santa María

# LETRAS GALEGAS '98

Martín Codax

Suponse que nacería en Vigo ou nos arredores, porque en seis das súas sete cantigas figura o nome desta agora populosa cidade. Viviu posiblemente durante o reinado de Fernando III o Santo, na primeira metade do século XIII e a sorte quixo que fose el o único dos trovadores, xograres e segreis, agás o rei Afonso X o Sabio, que chegase ata os nosos días e a melodía orixinal de seis poemas.

Tanto o pergameo Vindel, de finais do século XIII, coma os dous cancioneiros copiaods contra o ano 1525 en Italia, atribúenlle sete cantigas, entre as que escollemos aquela en que a moza convida a todas cantas aman con paixón (coma ela) a que a acompañen á praia, a bañarse a ve-lo seu amado:

*Quantas sabedes amar amigo  
treides comig'a lo mar de Vigo:  
E bannar nos emos nas ondas!*

*Quantas sabedes amar amado  
Treides comig'a lo mar levado:  
E bannar nos emos nas ondas!*

*Treides comig'alo mar de Vigo  
e veremolo meu amigo:  
E bannar nos emos nas ondas!*

*Treides comig'alo mar levado  
E veremolo meu amado  
E bannar nos emos nas ondas!*

Xoán de Cangas

Dous únicos datos posuimos de Joham de Cangas (como figura nos apógrafos italianos): que era natural de Cangas e que nas tres cantigas que se conservan menciona unha ermida de San Mamede que se quedaba preto do mar. Baseándose neles os seus bibliógrafos supoñen que naceuse en Cangas do Morrazo, e que a ermida corresponda a de San Amedio de Bon, situada no concello de Bueu na ría de Pontevedra.

Nas tres a protagonista é a moza namorada: na primeira pidelle á nai que a deixe falar co seu "amigo"; na segunda é el o que non acode á cita, e na terceira a doncela prégalle ó mozo que non a engane máis e que vaia á ermida onde ela o estará agardando. Escollémo-la última:



Páxina do Tumbo A. Catedral de Santiago de Compostela

*Amigo, se mi gram ben queredes,  
ld'a San Mamed'e veer-m'edes:  
Oje non mi mençades, amigo.*

*Pois mi aquí ren non podedes dizer,  
ld'u ajades comigo lezer:  
Oje non mi mençades, amigo.*

*Serei vosqu'en San Mamede do Mar,  
Na ermida, se mi-o Deus aguisar:  
Oje non mi mençades, amigo?*

1 Cancioneiro da Biblioteca Vaticana (CV), 438; Cancioneiro da Biblioteca Nacional de Lisboa (CBN), 852. Sedia-m'eu = Estábame eu (sentada); eu atendendo = eu agardando ou esperando; fremosa = fermosa (moza na flor da xuventude, no mellor da vida).

2 Pergameo Vindel (PV), 5; CV, 888; CBN, 1.282. 2: treides comig' = vinde comigo ou canda min.

3 CV, 875; CBN, 1269. Mençades = mintades; Pois mi aquí ren = pois de min aquí nada; serei vos qu'en = estarei convosco en.

## ESPERANZADOS POR UN DÍA, POLO MENOS

### A IMAXE DA SOLIDARIEDADE.

Magnífico o traballo desenvolvido polo conxunto de voluntarios galegos de INTERMON, ese núcleo bo, xeneroso e estable que fai mobilizarse a todo un entusiasta e moito máis amplo grupo de voluntarios esporádicos.

Emocionante o elenco de artistas invitados no acto da Coruña. Simpática a actuación do pregoeiro Manolo Rivas convertido por un intre en *bluesrockeiro* para dá-la entrada ós Diplomáticos de Monte Alto. Acerto pleno de Xurxo Souto ó dicir que a solidariedade empeza polo máis próximo e que este país de emigrantes está a recibir inmigrantes e esta terra solidaria por un día coas culturas oprimidas ten de seu unha cultura e unha fala das que se avergoña. Ben a montaxe dos xogos. Natural, cálido e agradable o saber estar dos presentadores. Boa imaxe de conxunto. Coherentemente alternativa, como o cambio de valores que se procura intruducir na Orde Mundial.

Pero a cuestión máis comentada foi a da incoherencia de imaxe do responsable en Galicia de INTERMON –disque o único liberado e recentemente seleccionado pola Fundación catalana–, que rompía con todo o anterior. Non só a forma de vestir –¿asesorado?, pois hai asesores que matan– senón o feito de que fose practicamente o único en rexeita-lo galego como medio de expresión.

Dóenos ese xiro, especialmente porque foi do brazo de IRIMIA, desde digamos o universo IRIMIA, desde o que se impulsou a aterraxe de INTERMON en Galicia. E doe porque resulta impensable que esta fundación catalana actuase co mesmo criterio en Cataluña. ¿Ou si? Que se aclaren.

Algo tamén cabería apuntar sobre a publicidade feita nos xornais (os corazónciños e demais...)

A Solidariedade tamén, coma todo, é cuestión de imaxe. Pero quizais doutra imaxe.

Redacción

O pasado domingo 26 celebrouse en varios puntos de Galicia o Día para a Esperanza, promovido por INTERMON. Foi unha boa proba, unha vez máis da disposición de decenas de galegos e galegas que voluntariamente se uniron para prepara-la xornada, animala e facela realidade. Sen embargo empeza a ser moi necesario un debate sobre as ONG's, o seu papel, a súa capacidade –ou incapacidade– crítica e a imaxe que merece un concepto como a solidariedade. Publicamos un extracto do manifesto do día que leu Manolo Rivas no que se fai referencia á Global March contra a explotación infantil e unha reflexión crítica.

### Manifesto por 250 millóns de infancias roubadas

En todo o mundo, 250 millóns de nenos e nenas levántanse cada mañá para ir ó traballo. No campo –xunto cos seus pais, como xornaleiros anónimos en inmensas plantacións, colleitando café, recollendo algodón, apañando millo–, nas fábricas e obradoiros –fabricando botóns, tecendo alfombras, manipulando foguetes empacutando mistos, cosendo camisas ou montando xoguete–, nos mercados e na rúa –arrastrando feixes, gardando coches, ofrecendo larpeiradas ou o seu propio corpo como mercadoría–, nas casas e nos bares –en miles de cociñas, servindo mesas, fregando pratos–, facéndose adultos a todo correr, sen tempo para a escola nin para xogar.

250 millóns de infancias roubadas pola pobreza reclámannos un tributo. Por iso, puxémonos a camiñar desde cada extremo do planeta, e fomos deixando as nosas pegadas en Filipinas, China, Vietnam, Indonesia, Malaisia, Tailandia, Nepal, India, Pakistán, Irán, Turquía... En Brasil, Uruguaí, Arxentina, Chile, Boliçia, Perú, Ecuador, Colombia, Panamá, costa Rica, Nicaragua, Honduras, Guatemala, México, Estados Unidos... En Suráfrica, Zimbawe, Zambia, Tanzania, Kenia, Uganda...

250 millóns de infancias roubadas ben merecen o noso esforzo.



Instantánea da Global March ó Seu paso por Santiago, na que colaboraron unha mancha de ONGS galegas.

# CARTA DE GUATEMALA

Queridos amigos:

Non quero deixar pasar esta ocasión do martirio doutro profeta do Sur sen poñervos unhas letras, xa que teño a oportunidade de facelo por atoparme casualmente na capital.

Como saberedes xa polos medios de comunicación, o domingo pasado pola noite asasinaron brutalmente ó Bispo Auxiliar da Archediocese de Guatemala, Monseñor Juan Gerardi Comerdera. Nunca en Guatemala -nin nos anos máis duros da violencia- se dera un atentado así. Contareivos algo da súa vida e da súa obra e dos posibles motivos do seu asasinato.

Juan Gerardi tiña 75 anos. Sempre foi un home comprometido cos indixenas e con tódolos desposuídos; sempre foi combativo en favor dos dereitos humanos e denunciando as súas violacións. Primerio na Verapaz, impulsando a pastoral indigna (1973). Despois na Diocese de Santa Cruz del Quinché (1974-1980), tamén como bispo, denunciando masacres, desaparicións e asasinatos, e

acompañando ó pobo nesa difícil situación. Foi chamado ó cuartel militar varias veces; escapou dalgunhas emboscadas e tivo que saír exiliado do País a Costa Rica ata 1984. En sa data volveu a

## O seu informe pedía o recoñecemento público dos culpables

Guatemala e foi designado como Bispo Auxiliar da capital. No 1988 foi designado para representa-la Igrexa na comisión Nacional de reconciliación, e un ano máis tarde foi encargado de crea-la Oficina de Dereitos Humanos do Arcebispado de

Guatemala. O seu principal traballo nesa oficina foi a coordinación do Proxecto Interdiocesano de Recuperación da Memoria Histórica (REMHI). Este proxecto durou dende o 24/4/95 ó 24/4/98. E contou coa participación de 600 animadores e de multitude de parroquias. A través de preguntas e cuestionarios ás persoas que se presentaron coñecéronse 55.201 casos de violación dos Dereitos Humanos en Guatemala entre os anos 1960 e 1966. Este traballo recopilouse nun informe titulado "Guatemala, nunca máis". Son 1.400 páxinas en catro tomos recollendo as declaracións de numerosas vítimas do conflito armado e que con elas abarcou a máis de 1.400.000 persoas...

Juan Gerardi, -coordinador do Proxecto-, Ronal Ochaeta e Edgar Gutiérrez -os seus directores- presentárono publicamente ó pobo de Guatemala na Catedral o venres 24 de abril. Ese momento debeu colma-las iras dos inimigos da paz, que iniciaron unha campaña de ameazas telefónicas ós reponsables do proxecto e chegaron ó



brutal asasinato de Juan Gerardi. O informe non só contaba as cifras e o modo do terror, senón tamén os seus causantes: o exército nunha porcentaxe altísima (79,2%), a guerrilla (9,3%) e o resto de grupos paramilitares e outros. E o informe público pedía o recoñecemento público da culpabilidade dos responsables e unha serie de medidas de resarcimento coas

## A paz non é borrón e conta nova

familias afectadas. Tamén que nos programas educativos se inclua a narración obxectiva do ocorrido... que se desmobilice do exército ós causantes, sexa cal sexa a súa graduación... que non se lles concedan honras militares...

Hai quen pensa que a paz se constrúe con "borrón e conta nova". Pero non é esa a filosofía do Proxecto (REMHI), que máis ben consiste en colaborar ó proceso de paz, coñecendo e recoñecendo os erros do pasado e tratando de poñer unhas novas bases de convivencia que apoiem os acordos de paz e que vaian atallando as causas do conflito armado guatemalteco. Pero parece que hai xente que non está disposta a recoñecer-la verdade histórica manifestada en tantas testemuñas da dor e da cal a Igrexa guatemalteca, os

responsables de REMHI e monseñor Juan Gerardi se fixeron portavoces.

Esa xente é a que asasinou a Monseñor, tratando de facer cala-la súa voz profética: os responsables desas atrocidades, que queren vivir coma se nada tivese pasado... sectores con poder económico e militar que desexan que prevaleza a impunidade, o atraso e a miseria da meirande parte do país...

Este asasinato é un duro golpe contra o proceso de paz, contra a denuncia da inxustiza e contra os esforzos por establecer un Estado de Dereito... É como se quixesen dicir: "Guatemala, outra vez

máis" en lugar de "Guatemala, nunca máis", que é a mensaxe do informe.

¡Oxalá que o sangue deste mártir, Juan Gerardi, profeta novo do Sur, abra espacios de paz! ¡Oxalá que esto non volva a ocorrer nunca máis! ¡Oxalá que a paz deixe xa de estar empañada, debilitada e ameazada!

¡Gracias Juan Gerardi por esas palabras que dicías moitas veces: "Este camiño sempre estivo e estará cheo de riscos"! ¡Gracias porque non tiveches medo para avanzar polo camiño da verdadeira PAZ e así ensinarnos a facelo! ¡Disfruta xa desa paz pola que tanto loitaches)!



Scott Sainy

## ZOA O VENTO DE PENTECOSTES

Zoa o Vento BAD parroquia mariñeira de Aguiño é media Romaxe. Este ano o seu párroco, Francisco Lorenzo Mariño, colaborador desta revista, presidiu a Eucaristía da Festa do Lume e alí brindou o espacio aguiñense para a Festa do Vento. A idea foi aplaudida.

Dende entón hai novidades. Este é o motivo polo que se quere que, ó mesmo tempo, ese acto sirva de homenaxe tanto ó Cura coma á Parroquia. O noso amigo Paco leva algún tempo enfermo aínda que en transo de curación. Resístese a que lle fagan homenaxe ningunha pero en cambio amósase disposto a, dende a súa situación actual, normaliza-lo estatuto cristián do enfermo e iso pasa pola profesión de fe, deles os aguiñenses e mais nosa, neste momento de crise humana do seu e noso compañeiro.

En definitiva, consonte á reforma litúrxica do Concilio, é cousa de que se escorrente o medo ó sacramento dos enfermos, que

se onte se chamou Extrema Unción hoxe afortunadamente está a ser Unción de Enfermos, á que algúns lle pillaron tanto cariño que a reciben mesmo varias veces na mesma enfermidade. Hai que reivindicar-lo estatuto cristián e sacramental do enfermo, hai que confesala fe xuntamente con el.

### A parroquia mariñeira de Aguiño é media Romaxe

#### A profecía dun segrar

E xa que andamos pola Ribeira de Santa Uxía, tamén lle solicitamos a un doutor,

Manuel Guerra Campos, xinecólogo, que nos faga un diagnóstico sobre a saúde dunha criatura chamada Igrexa. E como o galeno é ademais tocólogo, solicitamos que nos fale da nova criatura que todos agardamos do Materno Espírito.

Admirable é o libro no que o doutor Guerra confesa a súa fe. Un libro curto e transparente no que vai debullando, con auténtico estilo profético -e tamén literario, que non é moi doado-, o que é unha Igrexa adormecida e que ten que espertar do sono. A clave deste escrito é a da liberdade, conforme ó lema da Romaxe coruñesa: "A liberdade faravos verdadeiros". Son 195 pequenas páxinas en castelán, editadas por Verbo Divino e co título de *La confesión de un creyente no crédulo*.

Manuel Guerra Campos estará connosco en Aguiño para darmos audiencia á voz profética dun laico no medio do pobo.

#### Tres en un

Polo demais, e para desenferruxar ánimos, a Festa do Vento ha ter ben diferenciadas



# O NOSOTABOLEIRO

---

## O seu informe pedía o recoñecemento público dos culpables

tres partes: a primeira consistirá nesa charla do referido autor, con coloquio.

A segunda constará nun xantar comunitario no que, ademais de que cadaquén levará o seu propio alpiste, a repartir entre todos, a parroquia mariñeira obsequiaranos con sardiñas frescas pois, xa se sabe, "por San Xoán a sardiña molla o pan", e no mes do santo Baptista entramos. Festa rachada.

A terceira parte: Eucaristía na que celebraremos los 38 anos de entrega de Francisco Lorenzo Mariño á Parroquia, e eses máis de sete lustros de entrega da Parroquia a don Francisco. Un caso singular en Galicia.

Todo, conforme a este horario:

Sábado 6 de xuño na igrexa de Aguiño

De 10,30 a 11 acollida.

De 11, a 1, exposición do tema:

*Ser laico cristián hoxe*, por Manuel Guerra Campos e coloquio.

De 1 a 2: festa no adro e logo xantar.

De 4 a 6, Celebración.

---

## PARA LEMBRAR

---

### VI IRIMIANZA EN LUGO

Día: 30 de maio de 1998

Hora: 16:45

Tema: Marxinación ou evasión social: drogas, sectas, outros.

Ponentes: Manolo Regal, director do Proxecto Home de Lugo

Bernardo García Cendán, sociólogo profesor na Escola de empresariais de Lugo

Remate festivo: 20:00

Local de Auxilia: r./ Frai Plácido Rei Lemos, 11 baixo

Lugo

---

### ENCANTRO DE VERÁN

O retirado encontro deste verán está preparándose lenta e proveitosamente.

Os interesados e interesadas en participar no noso peculiar retiro que vaian reservando data: do 13 ó 16 de agosto.

Seguiremos informando.

**O HARMÓNICO** Inaugurábase recentemente a chegada do Gas Natural a Galicia. No acto, solemne como requería a ocasión, estaban o ministro de Industria, Fraga e varios conselleiros. O presidente da empresa Gas Natural pronunciou un discurso, en galego. Cando rematou a súa intervención, Manuel Fraga agradeceu o xesto de usa-la lingua de Rosalía.

Pero o presidente da Xunta debeu entender iso da lingua de Rosalía como algo de uso restrinxido e puxo en marcha de inmediato o seu mecanismo compensador. Botou man do seu concepto de "bilingüismo harmónico" para face-lo seu discurso en castelán, lingua que xa usara para agradecerlle ó catalán o seu emprego do galego.

Lembrar este xesto ben recente pode servir para poñer no seu sitio a teoría e maila praxe dos nosos dirixentes con respecto á lingua, nestas datas de celebración do Día das Letras Galegas. Semella que para eles a normalización do galego consiste en publicar en galego e en castelán o Diario Oficial de Galicia, en usa-los topónimos galegos cando non se lles cruzan os cables e en publicar unhas normas sobre o ensino do galego e dalgunhas materias en galego. Iso si, sen molestarse en verificar se realmente se aplican esas normas. Iso si, con motivo do Día das Letras Galegas as diferentes consellerías e outros organismos van publicar anuncios e comunicados varios e o santo do día, neste casos os poetas da Ría de Vigo, van contar cunha festa moi locida. Mesmo a Illa de San Simón vai recobrar un esplendor que non tivo desde hai séculos.

Ou sexa, que a normalización lingüística segue a ser unha tarefa pendente, de fachada na política oficial da Xunta. Desgraciadamente PP e PSOE están na mesma liña, en canto ós límites impostos a unha política normalizadora. Pero tamén hai que notar que no BNG a cousa non se toma coa seriedade requirida: seguen primando a querela de escola, da normativa ortográfica, dos enxebres galeguistas que escriben nun trampitán que chaman reintegrado (e logo falan na casa e fóra dela en castelán) ou dos presuntos pacificadores da concordia, que fan o posible por dar pretexto ós rapaces e mozos pouco interesados no galego para segui-lo tengo coma unha lingua estranxeira.

Non é, xa que logo, unha situación optimista. Hai quen se consola ó sinalar que agora non está prohibido falar en galego en (case) ningún sitio, en que hai medios de comunicación públicos que o usan con máis ou menos frecuencia. Parece non importarlles que cada vez sexan menos os falantes habituais e convencidos. ¡Que os santos Martín Códax, Meendinho e Johan de Cangas nos protexan!



Tino Viz

1. Sucederon neste maio cousas moi interesantes e quizais a máis notoria a das eleccións primarias.
2. Falo do PSOE, onde Almunia, Secretario, tivo a audacia de tira-las consecuencias dunha normal democracia.
3. Houbo eleccións no Partido pra candidato elixir prás eleccións, e Aznar quedou só a velas vir.
4. A dirección do PSOE a Almunia foille fiel; nada tiña que facer o candidato Borrel.
5. Pero moitos socialistas cavilaron outramente; cousas que suceden cando se dá liberdade á xente.
6. Argallaron a campaña na que a penas pasou nada: unha cordial discrepancia pero sempre controlada.
7. Gañou Borrel, pero Almunia parece que non perdeu; repartíronse os papeis e ora, cadaquén ó seu.
8. Este asunto ó P.P. de Aznar produciu desgusto, porque se eles xogan claro poden levar máis dun susto.
9. Porque está petando á porta o señor Ruíz Gallardón, que moito máis ca Aznar vale, dito sexa con perdón.
10. Se o Partido Popular as primarias non argalla pallaso é o vencedor; é dicir, home de palla.
11. E así o partido da Rosa recende con tal donaire que poida que os populares queden, si, co cu ó aire.
12. Pode ser moi divertido ver a don Pepe Borrel discutir co Aznariño que sabe mal o papel.